



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 12 DE DECEMBRO DE 2016.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

D^a M^a Lourdes Ucha Varela PP

CONCELLEIROS:

D. Ramón Tilve Castro PP

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D^a Milagros Pérez Gándara PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

D^a Rosalina Lima Prado PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

D^a M^a del Pilar Prado González MI

D^a Icíá García Fernández PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

NON ASISTE

D. Ruben Casal Radio PP

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 12 de decembro de 2016, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quórum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 10 DE OUTUBRO DE 2016.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2016 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros presentes.

2º.- DAR CONTA DO ACORDO DE ADHESIÓN AO PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RELATIVO AOS PROXECTOS DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO IDAE DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do acordo, adoptado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 7 de decembro de 2016, de adhesión ao PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RELATIVO AOS PROXECTOS DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO IDAE DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

SOSTIBLE 2014-2020 DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER

“2º.- ACORDO DE ADHESIÓN AO PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA RELATIVO AOS PROXECTOS DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO IDAE DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER.

Vista a comunicación remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa posta en marcha do programa do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) relativo a medidas de aforro e eficiencia enerxética nas administracións locais, englobado no Plan Nacional de Eficiencia Enerxética 2014-2020 e no programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020 do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e que subvencionará obras de eficiencia enerxética e mellora nos bens de interese cultural, de eficiencia enerxética da iluminación exterior e de substitución de caldeiras baseadas en enerxías non renovables por caldeiras de biomasa.

Vistos requisitos sinalados para o proxecto de “Eficiencia enerxética e mellora da iluminación nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna” e para o proxecto de “Eficiencia enerxética en iluminación exterior”, coa seguinte taboa de finacimento por concello para cada proxecto

Orzamento total máximo por concello	50.000,00 €
Financiamento IDAE (80%)	40.000,00 €
Financiamento Deputación (15%)	7.500,00 €
Financiamento Concello (5%)	2.500,00 €

Considerando que o Concello de Meaño ven apostando pola eficiencia enerxética nos servizos.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º.- Adherirse ao proxectos incluídos nos ámbitos:

- Eficiencia enerxética e mellora da iluminación nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna.
- Eficiencia enerxética en iluminación exterior.

2º.- Asumilo compromiso a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”

Queda dado conta.

3º.- DAR CONTA DO ACORDO DE ADHESIÓN AO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA FACILITADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta do acordo, adoptado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 7 de decembro de 2016, de adhesión ao servizo de administración electrónica facilitado pola Deputación Provincial de Pontevedra

“3º.- ADHESIÓN AO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA FACILITADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Vista a comunicación remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra no que se pon en coñecemento da Alcaldía que, co ánimo de axudar aos concellos da provincia a dar cumprimento á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que regula o dereito da cidadanía a relacionarse coas distintas administracións públicas do Estado español a través de medios telemáticos, a Deputación vai proporcionar unha solución de Administración electrónica que permitirá que os concellos da provincia dispoñan dunha sede electrónica personalizada para relacionarse coa cidadanía e dun portal de tramitación para o persoal empregado municipal.

Considerando que o servizo ofertado, de xeito gratuito pola Deputación Provincial, contribuirá a implantación da Administración electrónica esixida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º.- Adherirse ao servizo de administración electrónica facilitado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”

Queda dado conta.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta formulada pola Alcaldía na que se sinala que visto o informe emitido pola secretaria-interventora deste Concello en relación á exención e bonificacións ao Imposto sobre Bens Inmóveis, plantexadas na moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con data de rexistro de entrada no Concello de Meaño 17-11-2016, nº 6366 e a bonificación plantexada polo grupo de goberno do 30% a suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familias numerosas.

Considerando que os concellos esixiran o Imposto sobre Bens Inmóveis nos termos establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que a vista da lexislación vixente, a exención e bonificacións nos temos propostos na moción e as bonificacións, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de data 12 de decembro de 2003, non se atopan previstas no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que, ao abeiro do punto 4 do artigo 74 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podería establecerse unha bonificación a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

Co ánimo de establecer un beneficio no ámbito da vivenda a favor das familias numerosas e compensar as cargas familiares e contribuir ao rexuvenecemento da poboación deste Concello; propón a modificar do punto 4 do artigo 2 da Ordenanza



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, coa derogación da bonificación, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 12 de decembro de 2003 e a regulación da bonificación da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familias numerosas.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que o informe da secretaria-interventora é un informe feito a medida para non levar a cabo nin dar cabida ás bonificacións e exención proposta polo grupo municipal do PSdeG-PSOE; trátase dun corta e pega da lei sen considerar a existencia de fórmulas legais que den cabida á proposta de bonificacións formulada por este grupo, que teñen como obxectivo beneficiar aos veciños de Meaño.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que por parte da Alcaldía se aproveitou a moción do PSdeG-PSOE para presentar como propia a modificación desta ordenanza fiscal coa inclusión da bonificación a familias numerosas; puntualizando que a modificación proposta conta con lagoas suficientes que motivan o voto en contra do grupo municipal MI.

En relación coa intervención da Sra. García Fernández a Sra. alcaldesa dá lectura a un correo remitido por D. Andrés Vázquez Solla, xefe do servizo xurídico do ORAL, á secretaria-interventora en relación con este asunto: *“Respecto de las asociaciones sin ánimo de lucro, figura regulado el acceso al disfrute de la exención en los tributos locales en el art. 15 de la Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal en las entidades sin fines lucrativos. La regulación mediante ordenanza fiscal sería un acto nulo de pleno derecho al invadir competencias reservadas a ley estatal.*

En cuanto a la bonificación para las viviendas rurales por no disponer de servicios básicos municipales insuficientes, tampoco puede aceptarse tal cual se plantea en la moción. Ha de adaptarse a los términos en que se desarrolla el art. 74.1 del TRLHL (asentamientos singularizados que dispongan de nivel de servicios municipales inferiores a los de otras áreas). Finalmente, recordemos el art. 9.1 del TRLHL:

1. No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.

No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley.”

Engadindo, en relación coa intervención do Sr. Ásperez Montes, que a proposta de bonificación a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa xa a tiña contemplada o grupo de goberno.

Replica a Sra. García Fernández, sinalando que existen fórmulas legais a articular na correspondente ordenanza fiscal para dar cabida á proposta de bonificación formulada polo seu grupo, mediante reclamacións individuais dos veciños que residan en áreas do municipio que non dispoñan dos servizos de auga e saneamento; puntualizando que non hai vontade política.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, acadase un



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

resultado de empate, con seis votos en contra, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE e seis votos a favor, dos membros do Grupo municipal do PP. Efectuado unha nova votación persiste o mesmo resultado de empate, decidindo a Sra. alcaldesa-presidenta, co seu voto de calidade a favor da proposta, polo que o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificar do punto 4 do artigo 2 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, coa:

a) Derrogación da bonificación, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 12 de decembro de 2003 e publicada no BOP nº 33 de data 18-02-2004, do 20% da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana a:

a) Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de xovenes menores de 30 anos, titulares dun ben inmóble destinado a vivenda e que constituía a súa primeira e única residencia habitual; extremo este que se acreditará mediante o correspondente certificado de empadronamento.

b) Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de familia monoparental, titulares dun ben inmóble destinado a vivenda e que constituía a súa primeira e única residencia habitual; extremo este que se acreditará mediante o correspondente certificado de empadronamento e a documentación acreditativa desta condicións.

c) Os bens inmóbles destinados a vivendas situados en áreas do termo municipal que carezan do servizo de alcantarillado.

b) A regulación da bonificación da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familias numerosas, prevista no artigo 74.4 do do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

2º.- Aprobar provisionalmente a modificación do punto 4 do artigo 2 e a Disposición Final da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, que queda como segue

“4. *Familias numerosas.*

1. Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana que, no momento do devengo, ostenten a condición de titulares de familia numerosa, conforme o establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás Familias Numerosas, e demais normativa concordante, gozarán, dunha bonificación na cota íntegra deste imposto correspondente á vivenda habitual da familia.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual aquela unidade urbana de uso residencial destinada a satisfacer a necesidade permanente de vivenda do suxeito pasivo e a súa familia.

Presumirase que a vivenda habitual da familia numerosa é aquela na que figura



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

empadroada a familia.

2. No suposto de que o suxeito pasivo beneficiario sexa titular de máis dun inmovible radicado en Meaño, a bonificación quedará referida a unha única unidade urbana, sempre que, ademais, constitúa a vivenda habitual da unidade familiar, sen que poida gozarse de máis dunha bonificación aínda que foran varias as vivendas de que dispuxese o suxeito pasivo ou a súa familia.

Será requisito para la aplicación de la bonificación a que se refiére este apartado que el valor catastral da vivenda habitual da unidade familiar esté individualizado.

3. Para poder disfrutar desta bonificación, o suxeito pasivo deberá estar empadroadado no Concello de Meaño e presentar a solicitude, debidamente cumprimentada, antes do primeiro día do período impositivo a partir do cal empece a producir efectos, acompañada da fotocopia cotexada do certificado ou título de familia numerosa (non carné individual) expedido por el órgano competente, comprobando o Concello de oficio o empadroamento.

4. A porcentaxe da bonificación, que se manterá para cada ano, sen necesidade de reiterar a solicitude, si se manteñen as condicións que motivaron a súa aplicación, será do 30%.

5. Cando exista máis dun suxeito pasivo como titular da vivenda habitual, a bonificación só se aplicará sobre a porcentaxe de dereito que corresponda aos suxeitos pasivos incluídos no título de familia numerosa.

6. Cando o título de familia numerosa perda a súa vixencia por caducidade do mesmo, e sempre que se teña dereito a súa renovación, deberá achegarse, ata a data de finalización do prazo para formalizar recurso de reposición contra o recibo do imposto, o título renovado ou o certificado acreditativo de ter presentada a renovación. A non presentación da documentación en prazo determinará a perda do dereito á bonificación para ese exercicio, sen prexuízo da posibilidade de recuperala para exercicios sucesivos, sempre que se aporte a devandita documentación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3º.- Expoñer o presente acordo ao público mediante edictos publicados na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

non presentarse reclamacións, ao abeiro do artigo 17.3 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- PROXECTO DA OBRA “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTANS-SOUTO”. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta formulada pola Alcaldía na que se sinala que o vial contemplado no proxecto “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO” é o principal vial de acceso da PO 303 aos núcleos rurais de Quintáns e Souto, na parroquia de Simes e conta, nos puntos ao que afecta o ensanche contemplado no proxecto, cun escaso ancho de calzada que únicamente permite a circulación dun só vehículo e moi pouca visibilidade, o que provocou varios accidentes; polo que para dotalo dunhas condicións mínimas de transitabilidade e seguridade foi polo que se acordou a inclusión deste proxecto no Plan Provincial de Obras e Servizos 2015.

Para a ampliación do camiño faise imprescindible a ocupación do terreo que afecta a varias fincas, nas que se chegou a acordo con propietarios afectados para a cesión gratuíta dos terreos que resulta preciso ocupar, agás en dúas parcelas (finca 1 e 4) nas que non se puido obter a cesión e nas que se dá un maior estreitamento da calzada e por ende escasa visibilidade doutros vehículos que poidan estar transitando en sentido contrario, agravándose esta situación na finca nº 4, na que ademáis de darse estas circunstancias que poñen en perigo a transitabilidade e seguridade o camiño se está a derrubar ao atoparse este predio nun plano máis baixo.

Visto o proxecto de expropiación da obra: MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO, no que se relaciona os propietarios, terreos, bens e dereitos, coa súa valoración, afectados e que resultan precisos ocupar con motivo da execución desta obra e cos que non foi posible chegar a acordo é polo que se propón declarar expresamente a utilidade pública da obra: “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO” e aprobala relación concreta de terreos, bens e dereitos que é preciso ocupar pola execución desta obra; como trámite previo á declaración da necesidade da súa ocupación que iniciará o expediente de expropiación forzosa.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen pregunta, cantos accidentes houbo nese camiño, de que gravidade e magnitude foron. Engadindo que todo que sexa mellorar e solucionar os puntos conflictivos dos viais é unha boa idea pero acudir a este expediente pon de manifesto a falta de capacidade negociadora do equipo de goberno; polo que propón que se negocie e se dialogue cos propietarios.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que no se chegou a este expediente na execución dos camiños do Pazo do Monte (Padrenda), Vilaxuega (Xil), preguntando se non teñen a mesma consideración de utilidade pública; puntualizando



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

que é difícil chegar a acordo con algún propietario pero hai que negociar e con algunha das familias afectadas podería terse chegado a acordo si se tivese falado sen ameazas, polo que cree que non se debería acudir a un expediente de expropiación ou de ser preciso ser o último recurso. Engade que no proxecto non se solucionan as curvas existentes senón que se acentúan polo que solicita que se retire este asunto do orde do día e se redacte un proxecto en condicións coa corrección das curvas; puntualizando que, de non prosperar esta solicitude o seu voto non vai a ser a favor da proposta formulada, por responsabilidade absterase .

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que en ningún caso faltou o dialogo e intentouse chegar a acordo con tódolos propietarios por tódolos medios pero nunha das últimas conversas cunha das familias afectadas, ésta manifestou que non se volveuse con este tema. Contéstalle a Sra. alcaldesa ao Sr. Varela Budelo que xa na anterior lexislatura e non sendo alcaldesa o Sr. Varela Budelo manifestara que non “ides a sacar este camiño adiante” e que na súa anterior etapa de concelleiro, a pesares de empregar o dialogo e a negociación, non sempre lle foi posible acadar acordos así aínda existen puntos pendentes sen rematar e tamén se tramitaron expedientes de expropiación; remata sinalando que ao grupo de goberno non lle gustan as curvas pero que o Sr. Varela Budelo sabe porque existe esa curva e en calquera caso o grupo de goberno considera necesario executar a mellora prevista no proxecto e nestes puntos concretos polos motivos expostos na exposición deste asunto.

Toma de novo a palabra o Sr. Varela Budelo, quen reitera a súa abstención por responsabilidade e como afectado por este vial solicita que pola secretaria se dé lectura ao seu escrito de cesión e que presentou no Concello con data 29 de agosto; pasando a dar lectura

“José Varela Budelo, veciño de Simes, con NIF..... e domicilio no Lugar.....

En relación á cesión de terreos para a ampliación da pista de Quintáns, e despois da reunión celebrada a tal efecto cos veciños de Simes, con data 12/08/2016

EXPOÑO:

Primeiro. Acordamos ceder os terreos en propiedade afectados pola ampliación do vial de Quintáns segundo as especificacións do proxecto (4.00 m respecto ao centro do vial actual).

Segundo. Todos os medios, materiais e traballos necesarios para o retranqueo de muros e parras so á conta do Concello.

Terceiro. A ampliación do vial en custións realizarase de acordo aos dous Proxectos existentes, os cales contemplan a ampliación completa dende o enlace co vial entre Lugares de Igrexa e Axís, e a conexión coa PO-303.

Cuarto. A validez do presente escrito, onde se acorda a cesión dos terreos, queda vinculada a que se cumpra cos compromisos adquiridos por parte da Alcaldía en canto ao exposto no apartado terceiro.

Asinado en Simes, a 29 de Agosto do 2016”

sinalando que está de acordo en que é preciso mellorar eses puntos pero que hai formas de dialogar e negociar e que este expediente lle parece un abuso, cuestionando a capacidade de negociación da alcaldesa.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do MI, e con seis votos



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptadno o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Ratifica-la aprobación do proxecto técnico da obra: “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO”, que foi aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 01-07-2015, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Toro e aproba-lo proxecto de expropiacións da obra: “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO”, redactado polo mesmo, que ascende a un presuposto total de 10.746,60 €, coa relación concreta de terreos, bens e dereitos que é preciso ocupar e afectados pola execución desta obra, dos propietarios cos que non foi posible chegar a acordo, así coma o seu estado natural, valoración e mai-lo nome e enderezo dos seus titulares.

2º Declarar expresamente a utilidade pública da obra: “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO” e aprobala relación concreta de terreos, bens e dereitos que é preciso ocupar e afectados pola execución desta obra, así coma o seu estado natural, valoración e mai-lo nome e enderezo dos seus titulares, que son os que de seguido se relacionan e cos que non foi posible chegar a acordo; como trámite previo á declaración da necesidade da súa ocupación que iniciará o expediente de expropiación forzosa:

PROPIEDAD	TIPO SOLO/CULTIVO/SITUACIÓN	SUPERFICIE M2/ML/UD	VALORACION M2	TOTAL €
1.- D. Perfecto Besada Pérez Pazos nº 8-Simes	Terreo labrado SNR (Quintáns)	99 M2	43,35	4.291,65
	Retranqueo emparrado	18 ML	10,00	180,00
	Cepas	4 UD	60,00	240,00
2.- Hdros. Socorro Carballal Iglesias (Dorinda Torres Fernández/Mariano Domínguez Torres) Quintáns 9 - Simes	Terreo labrado SNR (Quintáns)	63 M2	43,35	2.731,05
	Retranqueo muro pedra	37,86 M2	40,00	1.514,40
	Retranqueo de galpón	1,00	1.380,00	1.380,00
	Retranqueo de peche de malla	8,50	17,00	144,50
	Retranqueo de emparrado			
	Cepas	8,50	10,00	85,00
		3,00	60,00	180,00

3º Expoñe-lo expediente a información pública durante un prazo de quince días hábiles, con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na páxina Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación, e conceder audiencia ós interesados mediante á notificación individual a cada un dos afectados que aparezan no expediente, ó abeiro dos artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, en concordancia co artigo 17 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, para que poidan examina-lo expediente e formula-las alegacións que consideren oportunas ós efectos e nos termos establecidos na devandita lexislación.

4º Aproba-lo gasto das obrigas que se derivan deste expediente de expropiación con cargo á aplicación presupostaria do Estado de Gastos do Orzamento Municipal

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

2016: 1531.60000 e facultar a Sra. Alcaldesa tan amplamente como sexa posible para a realización de cantas xestións resulten precisas para a consecución dos devanditos terreos.

6º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA MELLORA DO SERVIZO DE PEDIATRIA NO CONCELLO DE MEAÑO.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta da proposta formulada na que se sinala que desde que esta Alcaldía tivo coñecemento das incidencias que estaban a suceder neste ano no centro de Saúde de Dena co servizo de pediatra, mediante conversación telefónica co Director de Procesos da Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés solicitouse que se solucionase este problema o antes posible. Dado que ía pasando o tempo e que a situación seguía sen solución, o 26 de outubro esta alcaldía enviou sendos escritos dirixidos ó Director de Procesos de Soporte e o Xerente da Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés solicitando a rápida solución do problema xerado no Centro de Saúde de Dena pola falta de pediatra.

O 11 de novembro nesta alcaldía recíbese escrito de contestación por parte do Director de Procesos de Soporte do EOXI Pontevedra-Salnes manifestando que a falta deste profesional débese a que non dispoñen de pediatras nas listas de substitución e que a asistencia pediátrica foi garantida repartíndose a poboación infantil entre os facultativos dos municipios veciños (Cambados e Ribadumia).

O Servizo Galego de Saúde despensa o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Coirón (Dena) de luns a venres de 9 a 11 da mañá compartindo o servizo co Centro de Saúde do Mosterio en Meis.

No Concello de Meaño hai 694 nenos en idade pediátrica polo que no Centro de Saúde Coirón-Dena precisaría contar con este servizo por toda a xornada. A esta situación súmase nos períodos de vacacións e baixas da pediatra este servizo quede descuberto, polo que durante estes períodos a asistencia pediátrica da poboación infantil é repartida entre os facultativos de Cambados e Ribadumia co agravio que isto conleva para as familias.

Para que este problema non se perpetúe no tempo e polo que esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación solicitar do Servizo Galego de Saúde a asignación dun/ha pediatra a tempo completo para o Centro de Saúde de Dena e a disposición de pediatra para suplencias nos casos de baixas e vacacións da/o titular.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que este problema se ven soportando como mínimo desde fai seis anos e que xa o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE o ten plantexado en varias sesións plenarias; engadindo que se está reaccionando tarde pero que a proposta conta co apoio do seu grupo.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que hai que levar esta



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

demanda social adiante, que tivo que saír na prensa e mobilizarse os pais para que desde o goberno local se reaccionase e que a Alcaldía ten que ser a portavoz desta protesta.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes, acorda:

1º.- Solicitar do Servizo Galego de Saúde a asignación dun/ha pediatra a tempo completo para o Centro de Saúde de Dena.

2º.- Solicitar a disposición de pediatra para suplencias nos casos de baixas e vacacións da/o titular.

7º.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES E DO INFORME DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE 2016.

A Sra. alcaldesa-presidenta cédelle a palabra á secretaria-interventora, quen da conta, someramente do informe de intervención do período medio de pago a provedores e do cumprimento dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 3º trimestre 2016:

“INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

Asunto: Análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (3º TR 2016).

LEGISLACIÓN APLICABLE

- 1º.- Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012.
- 2º.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.
- 3º.- Artículo 53-2 y 122 del RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- 4º.- Disposición final decimoquinta de la Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011
- 5º.- Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- 6º.- Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo (artículo 33 y disposición final séptima).
- 7º.- Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los regímenes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

ANTECEDENTES Y FUNDAMENTOS

- La Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012, establece la posibilidad de reintegrar al Estado los importes pendientes



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado de los años 2008 y 2009 a 1 de enero de 2012 en 120 mensualidades para aquellas Entidades locales a las que, a la fecha de publicación de esta norma, hayan presentado la liquidación de sus presupuestos generales del ejercicio 2011.

Para ello exige que las Entidades locales que incumplan los objetivos de estabilidad presupuestaria, límites de endeudamiento que le resulten de aplicación o los plazos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, deberán aprobar un plan de ajuste, que garantice la corrección de aquellos incumplimientos, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, que, además, deberán aceptar la posible imposición por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección. Debiendo presentar ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas el certificado del Secretario o del Secretario-interventor del acuerdo del Pleno con este contenido y aprobatorio del plan de ajuste, así como el informe del interventor o del secretario-interventor en el que se recojan las medidas del plan.

- El Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria y urgente de fecha 5 de julio de 2012, acuerdo:

“1º.- Aprobar el Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales y que consistirá en adoptar las medidas que se contemplan en el informe de Secretaría-Intervención, con el objeto de mejorar los plazos de pago establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre:

a) Facturas:

- Las facturas se presentarán dentro de los tres días hábiles siguientes a la fecha de su expedición, si se presentan directamente en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño y dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de expedición si la remiten por correo, salvo casos excepcionales debidamente justificados.
- El procedimiento para la tramitación de las facturas se agilizará de forma que permita compatibilizar el cumplimiento del plazo establecido legalmente y la realización de pagos, que tendrá, con carácter general, una periodicidad mínima mensual, por lo que todos los trámites de gestión y contabilización intermedios deberán coordinarse y agilizarse en aras alcanzar el objetivo del cumplimiento del plazo legal establecido.

b) Certificaciones de obras, con carácter general:

599/3415	16/11/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Ameiró.
600/3416	16/11/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Cortiñas.
601/3417	16/11/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Cortiñas.
602/3418	16/11/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Bouza.
603/3419	16/11/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Anqueiros.
617/3478	22/11/2016	Aprobación da memoria valorada "Actuacións de mellora na senda Fluvial dos Muíños".
618/3480	23/11/2016	Procedemento abreviado 284/2016.
619/3520	23/11/2016	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca

N.I.F.: P-36.02700-A Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

620/3521	situada no Lugar de Monte do Outeiro. 23/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Pazo do Monte.
621/3522	23/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Pereiriñas.
622/3523	23/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de A Lomba.
623/3524	23/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Tanoira.
625/3542	25/11/2016 Aprobación de Plan de Seguridade e Saúde.
628/3565	30/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Illon.
629/3566	30/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Regueiro de Marín.
630/3567	30/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Illon.
631/3568	30/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Regueiro.
632/3569	30/11/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Illon.
637/3584	30/11/2016 Modificación de xornada no contrato de traballo profesor de guitarra da Escola Municipal de Música de Meaño.
647/3651	07/12/2016 Autorización previa de tirada de fogos o día 10 de decembro en Xil.
648/3652	07/12/2016 Autorización previa de tirada de fogos os días 12, 13 e 14 de decembro en Dena.
649/3653	07/12/2016 Autorización previa de tirada de fogos o día 18 de decembro en Dena.
650/3659	07/12/2016 Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Paradada.
651/3663	09/12/2016 Solicitudes de licenzas urbanísticas ou de intervención municipal de comunicación previa.
652/3666	09/12/2016 Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación dun/ha coidador/a Transporte Asistencial e Axuda no Fogar.
653/3667	07/12/2016 Expediente de contratación do servizo de instalación de Alumeado de Nadal.
654/3672	12/12/2016 Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de coidadores /as de Axuda no Fogar Prestación Básica e Lei de Dependencia.
655/3673	12/12/2016 Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación dun/ha Auxiliar de Clínica Centro Social Polivalente – Programa Concilia.
656/3674	12/12/2016 Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación dun/ha Ordenanza do Centro Social Dena.
657/3675	12/12/2016 Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación dun/ha Técnico/a Superior Animación Sociocultural Centro Social Polivalente-Programa Concilia.

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 10 de outubro de 2016 e o 12 de decembro de 2016.

MOCIÓN

Rematado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. García Fernández manifesta que desexa someter á



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

consideración do Pleno por razóns de urxencia unha moción referida ao cobro do Canon de Auga no Concello de Meaño.

Sometida a procedencia do debate desta moción a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos doce membros presentes acorda a procedencia do seu debate e votación.

Pola súa parte o Sr. Ásperez Montes, tamén manifesta que desexa someter á consideración do Pleno unha moción referida ao coeficiente de verteduría.

Sometida a procedencia do debate desta moción a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa procedencia do seu debate e votación.

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE

Dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través a súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA, referida ao cobro do Canon de Auga no Concello de Meaño**

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, asume o principio comunitario de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga por parte de todas as administracións intervinientes no ciclo de auga e faino mediante a creación do canon da auga, como tributo propio afectado aos programas de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia en materia do ciclo da auga, e coa do coeficiente de vertedura a sistemas de depuración, coa taxa específica para a prestación deste servizo por parte da Administración hidráulica de Galicia.

No ano 2012 aprobouse o Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

No artigo 32 da Lei 9/2010 do 4 de novembro de Augas de Galicia, no seu apartado 4º, establécese o seguinte:

*“O réxime xurídico do servizo de saneamento e, de ser o caso, de depuración de augas **regularase mediante a correspondente ordenanza municipal, que deberá respectar o previsto nesta Lei, no resto do ordenamento xurídico aplicable e, en especial, o regulamento marco mencionado na liña anterior, e tendo en conta o previsto na disposición adicional novena desta lei. Na ordenanza regularanse, como mínimo, as seguintes cuestións:***

- a) *A protección das instalacións de saneamento e de depuración e do medio receptor dos seus efluentes.*
- b) *A determinación das verteduras prohibidas e toleradas ás redes municipais de sumidoiro e aos colectores, así como dos tratamentos previos esixibles antes da súa realización.*



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- c) *As características físicas e cualitativas, a forma de realización e os requisitos administrativos que deben cumprir as verteduras de natureza non doméstica que se realicen á rede de saneamento.*
- d) *O réxime das verteduras accidentais potencialmente perigosas: obrigas dos seus responsables, medidas de minoración das súas competencias e valoración e formas de recuperación dos danos a persoas e bens.*
- e) *O réxime das verteduras mediante camións cisterna.*
- f) *O réxime de inspección, mostraxe, análise e control das verteduras, incluíndo formas que permitan a actuación da Administración en todo momento."*

Neste sentido, o Concello de Meaño non está respectando a Lei vixente, posto que a Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de Sumidoiro, así como de tratamento e depuración das augas residuais, incluída a vixancia especial de sumidoiros particulares foi modificada por última vez no ano 2008.

De acordo con todo o anterior, sométese á consideración do Pleno do Corporación á aprobación seguinte:

1. **Paralización de cobramento de Canon de Auga ata que o Concello de Meaño se adecúe ao establecido na Lei 9/2010 do 4 de novembro de Augas de Galicia.**
2. **Modificar a Ordenanza da Taxa por Servizo de Distribución de Auga, ampliando o mínimo de consumo a 250.000l/ano para evitar un pago excesivo do Canon de Auga aos veciños."**

Puntualizando a Sra. García Fernández que para aplicar o canón da auga creado por esta Lei o propio Concello ten que cumprila coa aprobación da correspondente ordenanza municipal que regule o servizo de saneamento.

A Sra. alcaldesa-presidenta pásalle a palabra á secretaria-interventora quen sinala que a Ordenanza reguladora da Taxa polo servizo de sumidoiro, así como de tratamento e depuración de augas residuais a que se fai referencia na moción é a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación deste servizo que nada ten que ver coa ordenanza que se sinala no mencionado artigo que se refire a unha ordenanza reguladora do réxime xurídico do servizo de saneamento e de depuración de augas; non obstante a Mancomunidade ten aprobado o Regulamento do servizo de verquidos á rede de sumidoiro dos concellos da Mancomunidade do Salnés beneficiarios do servizo. En calquera caso as entidades subministradoras da auga, neste caso o Concello, está obrigado a repercutir o importe deste canon, quedando suxeitas ao réxime de responsabilidades e obrigas da Lei Xeral Tributaria e en concreto ao pago das cantidades correspondentes ao canon que non teñan repercutido aos aboados cando ven obrigado a facelo.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que hai que evitar carga impositiva.

Rematadas as intervencións e sometida a votación ordinaria a proposta de acordo contida na Moción, acádase un resultado de empate por seis votos a favor da proposta, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE, e seis votos en contra da proposta, dos membros do Grupo municipal do PP. Efectuado unha nova votación persiste o mesmo resultado de empate decidindo a Sra. alcaldesa-presidenta, co seu voto



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

de calidade, non aprobar a proposta contida na moción.

MOCIÓN DE MI

Dáse conta da moción presentada pola Agrupación de Electores Meaño Independiente

“Eu, Jose M Aspérez Montes, con DNI nº 76813900H, como portavoz do grupo de Concelleiros da Agrupación de Electores Meaño Independiente, a través do presente escrito,

EXPOÑEMOS:

- Que tras a polémica xenerada entre os veciños do Concello no referente o cobro dos coeficientes de verteduría, neste pasado mes de novembro.
- Despois da aprobación do Padrón en XGL de tres de outubro, para proceder o cobro do citado canon, no que se están a poder constatar numerosas deficiencias.

MANIFESTAMOS:

A nosa total disconformidade coa maneira de proceder da XGL, e en concreto da Alcaldía, onde ademais de NON informar os veciños coa suficiente antelación, e NON poner a disposición dos mesmos todas as ferramentas para que estes poidan aplicar diversas bonificacións ou reducións que si contempla a norma, aprobouse un prazo de trinta días para presentar alegacións ó citado padrón pero pasouse ó cobro antes de rematar este prazo

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

Se someta a votación a petición anular ó Padrón aprobado en XGL o pasado 3 de outubro e solicitar a elaboración dun novo Padrón, ademais de proceder de oficio a posibles devolucións de ingresos indebidos por parte deste Concello.”

Engade o Sr. Ásperez Montes que o coeficiente de verteduría se aplicou cos recibos das taxas pola prestación do servizo de sumidoiro e abastecemento de auga coma unha puñalada e pregunta por qué non se informou co tempo suficiente ós veciños e a oposición, por qué non se puxo disposición dos veciños os medios necesarios para poder solicitar bonificacións reducións e tratar de axustar a carga do recibo (familias numerosas, num habitantes vivenda...), o canón é o mesmo habendo distinto número de persoas nas vivendas. Si nunha vivenda hai diferentes titulares nos recibos da auga e sumidoiro, porque se lles cobra ós dous titulares polo mesmo concepto, isto un erro. Si é un erro, pode supoñer a anulación dos cobros realizados no pasado mes de novembro. Vostede non exerciu neste asunto coma alcaldesa dos veciños de Meaño, somentes como unha recaudadora de taxas, e hoxe a facer aquí o “paripé”. Sería nulo o cobro do canón considerando a duplicidade dada en casos, e que este cobro se fixese maioritariamente previo o remate do prazo de alegacións de 30 días.

Contesta a Sra. alcaldesa que é Augas de Galicia quen establece a obriga da aplicación deste coeficiente no Concello de Meaño con efecto de 1 de xullo de 2015, preguntándolle si o Concello de Sanxenxo o informara da aplicación deste coeficiente xa que o ven aplicando desde anos atrás, puntualizando que entende o malestar dos veciños xa que a aplicación deste coeficiente supón un custo adicional como no seu momento o supuxo o canon de saneamento e despois o canon da auga pero non entende a polémica xerada nos medios xa que o coeficiente de vertedura ven imposto por Lei e o están aplicando por tódolos Concellos, antes que Meaño, coas estacións depuradoras xestionadas por Augas de Galicia. En canto aos erros e duplicidades que poidan existir,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

sinala, que serán subsanadas e si algún usuario no que se poida dar algún erro fixo o ingreso se procederá á devolución do importe que non proceda, puntualizándose que ata a data se había dado algún erro na lectura do consumo da auga e moi poucas das duplicidades sinaladas e que están resoltas na Xunta de Goberno do día 7 de decembro. En canto aos períodos de reclamacións e de pago son períodos diferentes que se poden solapar. Polo que respecta as deducións, bonificacións e o número de habitantes por vivenda é a Augas de Galicia a quen corresponde a resolución, previa petición formulada ante este organismo polo titular do servizo, do recoñecemento destas situacións e o Concello aplicalas unha vez que lle sexan notificadas por Augas de Galicia.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que o que se tiña que haber feito o Concello era convocar aos veciños a unha reunión e explicarlles a aplicación deste coeficiente.

Rematadas as intervencións e sometida a votación ordinaria a proposta de acordo contida na Moción, acádase un resultado de empate por seis votos a favor da proposta, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE, e seis votos en contra da proposta, dos membros do Grupo municipal do PP. Efectuado unha nova votación persiste o mesmo resultado de empate decidindo a Sra. alcaldesa-presidenta, co seu voto de calidade, non aprobar a proposta contida na moción.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

* Sra. García Fernández:

1. Pode explicarlle ao Pleno da Corporación os pasos que se teñen dado dende que o Partido Socialista entregou a moción sobre a Concesión da Área Recreativa de Os Pasales?

En qué data se entregou a solicitude do informe?

Leeron de novo o texto da Concesión? Creo que tan sólo con ter un mínimo de comprensión lectora se deduce que o Concello está cometendo unha irregularidade.

Cree beneficioso para a imaxe do Concello que o Grupo de Goberno trate de ocultar os seus erros intentando gañar tempo para que se olvide o tema?

Creen de verdade que se está dando unha imaxe adulta, con sensatez que debe dar un Grupo de Goberno?

Cree que os veciños de Meaño se merecen que a súa alcaldesa non asuma os erros e non os enmende?

Se a Consellería ratifica o que todos sabemos, van a devolverlle o diñeiro aos usuarios da pista de pádel?

Por todo isto: SOLICITAMOS A SUSPENSIÓN PROVISIONAL DO COBRO DA TAXA DA PISTA DE PÁDEL.

2. Os problemas de verteduras continúan en Abuín. Qué medidas se tomaron para solucionalo?

3. Existen vertidos de augas residuais producidos por unha tubería que pasa por debaixo do Polígono de Nantes. ¿Qué sabe deles? Fixo algo para tratar de evitalos?



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

4. A obra da Ponte de Axís xa está rematada? Así é como vai quedar?
Sexa de quen sexa a responsabilidade do proxecto, cabe destacar que choca terriblemente coa Ruta dos Muiños.
Solicitamos que se realicen as melloras pertinentes para recubrir o formigón e adecualo no ambiente da Ruta dos Muiños

5. Queremos felicitar o concurso de Tapas e aos establecementos participantes, pero cremos que o Grupo de Goberno debería ter en conta que por unha mala xestión do concurso o ano pasado, este ano participaron moitos menos establecementos quedando parroquias sen ningunha representación.

6. Por qué motivo os establecementos alimentarios non puideron participar nas Noites Vermellas?

7. Cal é o procedemento que realiza o Concello cando hai unha denuncia sobre a limpeza dos montes?

Cal é o período de resposta? Cal é o procedemento para efectuar a limpeza?
Cónstanos que hai denuncias sen contestar dende fai varios meses.

8. En setembro presentouse un escrito preguntando sobre a Fonte de Galiñans. A día de hoxe aínda non se obtivo resposta. Por qué motivo? Acaso se quere escurrir po bulto para non contestar?

9. Pódenos explicar a solicitude que presenta unha empregada do Concello sobre o seu posto de traballo?

10. No pasado pleno preguntámoslle sobre os vertidos ao río Fondón. Díxonos que nos ían enviar un informe. A día de hoxe aínda non o recibimos.

11. Ademais, no pasado pleno comprometeuse a contestarnos por escrito toda a información relevante ás plazas do curso actual da Escola de Música. Dous meses despois, seguimos esperando por él.

Contesta a Sra. alcaldesa que:

- Solicitouse informe ao Servizo Provincial de Costas a primeiros de novembro e en canto haxa contestación se actuará.

- En canto ao vertido do colector en Abuín, os técnicos detectaron que nun tramo deste puntos e moveuse o colector inclinándose a inversa do sentido da corrente e o cauce retrocede, agravándose situación porque polo colector baixa un caudal excesivo que se sospeita que provén dunha filtración de auga do que xa se está a inspeccionar a procedencia para evitalo. Tamén se está a traballar para buscar posibles solucións para a mellor evacuación do colector.

- A ponte de Axís está rematada e a súa solicitude queda recollida como rogo.

- “Noites vermellas” o Concello colabora coa publicidade sendo os organizadores os que determinan cando fan esta campaña e os sectores que participan.

- A baixada na participación deste ano do concurso de tapas non se debe a xestión senón ao interés ou as circunstancias de cada establecemento.

Pregunto o Sr. Radio Oubiña, cal é entón a explicación de porque non participaron se non se debe a mala xestión. Contesta a Sra. alcaldesa que coñece o caso concreto dun establecemento que este ano non participou porque nese período tiña dúas persoas de baixa.

- Hai un enxeñeiro forestal que está a tramitar os expedientes de limpeza de montes, que



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

se inician por denuncia de particulares ou de oficio cando afectan aos camiños de titularidade municipal e segue a tramitación.

Pregunta a Sra. García Fernández si pode estar un expediente sen resolver desde agosto. Contesta a Sra. alcaldesa que pode.

- A solicitude relacionada co persoal presenta un sindicato a últimos de novembro a través do delegado de persoal do Concello e versa sobre a petición de ampliación da reserva do posto de traballo aos empregados públicos dese Concello que se atopen en situación de incapacidade total ou absoluta de 2 anos, que recoñece a lei, a 5 anos. Dado que esta situación lle foi recoñecida polo INSS a unha funcionaria en outubro aínda queda marxe de tempo para estudar e considerar este tema.

* Sr. Varela Budelo:

- ¿Fíxose algo en relación co PXOM?

Contesta a Sra. alcaldesa que non.

- Felicitar porque a obra da ponte de Axís por fin se realizou. No pleno anterior falouse que o muro baixando hacia Axís debía alargarse para deixalo dereito; non obstante acadouse unha obra nova que quedou con curvas cando se puideron evitar e deixala ponte dereita porque no sabe que sentido teñen esas curvas.

- O vertido do colector de saneamento é un caso grave e debemos tomar conciencia. A tubería repisou pero o colector, si se levanta unha arqueta observase que trae un caudal excesivo sen chover o que quere decir que está entrando auga polo que hai que facer un seguimento para ver por donde se filtra e tamén hai que concienciar aos veciños para que non canalicen as augas pluviais ao saneamento e que polo propio Concello se proceda a separar as augas pluviais das residuais, polo que solicita que no orzamento se contemplen partidas para facer estas obras.

- O camiño da Cubela, en qué estado sigue.

- Vótase asfalto e formigón en camiños que se poden ampliar, é o máis fácil.

- Subida ao parque de Paradela, que se mellore.

- Cómo está o expediente da calle de Lores.

- Camiño Lavoriño, que se mellore.

- Camiño por detrás santa eulalia. A empresa que sacou terra rompeuno e a alcaldesa dixo que se falaría coa empresa pero o camiño segue no mesmo estado.

- Que se dote dunha capa de rodadura o camiño de Piñas e Sifón.

- Cómo está o tramo de saneamento que falta nunhas casas de Lores.

Contesta a Sra. alcaldesa

- Que efectivamente por algún punto está entrando auga ao colector e persoal municipal xa revisaron a tubería ata Paradela e, de momento no atoparon a procedencia desta auga e seguirase revisando. A parte desta filtración o colector en Abuín ten pouca caída que sumado a que se moveu e se inclinou para atrás fai que a auga circule mal; polo que se está a buscar a filtración e posibles solucións para o colector.

- O camiño de Cubela sigue igual.

- No próximo orzamento cotemplarase o ensanche da entrada do parque de Paradela.

- Calle de Lores está solicitado desde antes do verán un informe a Xunta, concretamente a mobilidade.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- Tramo de saneamento de Lores solicitouse un Convenio a Augas de Galicia e está a tramitarse.

* Sr. Ásperez Montes:

* Podemos constatar que a cláusula da concesión de Costas ó Concello de Meaño referente a prohibición da instalación de equipos de música nos Pasales (espazo cedido), NON figura en ningún outro convenio

Que fixo vostede por evitar esta cláusula?

Ou que fixo vostede para que se puxera esta cláusula?

* Dadas todas as evidencias que se dan respecto da concesión de Costas ó Concello de Meaño, onde queda claro o carácter público e gratuíto das obras que nese espazo se realicen (tal e como puxemos de manifestó dende o noso grupo no pasado mes de xuño, e posterior aprobación de moción urxente para petición de informe a Costas no pasado pleno de Outubro), engadindo a escasa utilización (804 € nun ano), o risco para nenos que se constantaba en entradas na pista polas vallas instaladas polo Concello, así como a mortandade continua de aves, dende o noso grupo propoñemos o peche desa instalación tal e como está na actualidade e reutilízalo nun maior beneficio e uso para veciños.

Contempla vostede esta ou outras posibilidades para a pista de pádel?

* Reitera o seu apoio aos traballadores do Concello de Meaño.

* Houbo unha sentenza en contra dos intereses do Concello de Meaño respecto dunha traballadora do Concello, na que se lle reconece unha indemnización polos contratos reiterados que se lle viñan facendo

De que cantidade se trata?

Hai que readmitila ou non se readmite por non ser obxecto da reclamación da traballadora?

Sigue a recoñecer que a maneira de contratar dende o Concello é a adecuada para ós traballadores e para os intereses do Concello?

E a maneira legalmente axustada a dereito e ós dereitos dos traballadores e finalmente ós veciños que reciben o seu servizo?

Seguiremos con este tipo de contratación?

* Hai convocado unha licitación servizo axuda no fogar para prestar os servizos os sábados, domingos e substitucións persoal do Concello

- Porque agora, estamos a incumplir os convenios coa Xunta neste ámbito de axuda no fogar, e cobrando ós usuarios por elo?

- En base a que se chega a cantidade de máis de 60.000 euros para este servizo?

- Porque se decide a privatizalo?

- Hai criterios técnicos que o aconsellen?

- Parecelle ben que a unha persoa que por exemplo padeza de alzheimer durante a semana a atenda unha persoa, os fins de semana outra, en substitucións outra e ademais sen a garantía de que por parte da empresa sexa sempre a mesma?

- Non temos acaso excelentes profesionáis traballando para o Concello as que se lle podería ampliar a xornada, dando estabilidade tanto o traballador como sobre todo o usuario?

* Respecto da sanción de Inspección de Traballo de 3.126 €, que foi pagada polo Concello, solicitaremos o xustificante de ingreso, tal e como vostede nos indica que se



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

fixo por parte do grupo de goberno, na conta do Concello e o detalle do mesmo.

* Tanto na obra do pavillón de Xil como en outras, se seguen a dar casos de empresas que se presentan e nin coñecen as citadas obras, acaban por retirarse ou incluso incumplen numerosas obrigas en seguridade, tal e como se puido comprobar, habendo moitas empresas neste Concello que seguro estarían encantadas con poder traballar nestas obras

- Fara vostede algo para que non siga a pasar isto?

- Sabe que hai condicións nos plegos de concurso e esixencias que incluso están desfadas coa lei actual (Lei de Módulos, Estimación Obxetiva), e que habería algunha outra condición a imponer que sería máis útil?

* Hai coñecemento por parte do Concello do futuro da Pousada de Cobas?

Faise algo dende o Concello para darlle algún uso ou está fora da competencia deste Concello

* Unha vez aprobada a demanda dos usuarios do comedor da escola infantil, estudiará dende o Concello a posibilidade de non pechar no mes de agosto?

* Poñer un espello no cruce da fonte de Axis para dar visibilidade os veciños que saen do lugar da Aldea

* A ruta dos miradoiros, e en concreto o da queimada segue nun estado lamentable de conservación e cos cartéis errados, vai facer algo respecto ou damos esta petición, xa comentada noutros plenos, por desestimada pola súa parte?

* Neste período de baixa laboral por maternidade da Asesora, houbo algunha substitución para cubrir este posto?, Non fixo falla esta substitución porque vostede se apañou e é un gasto inútil e un favor a unha determinada persoa e non unha necesidade para este Concello?

* En vista de que por parte desta Alcaldía non estamos a ter ningún tipo de información de como se vai desenrolando o convenio co Concello de Sanxenxo da conexión do Polígono de Nantes, vímonos na obriga de solicitar unha reunión cos promotores (xunta de compensación) do mesmo, e tratar de poñernos ó día dalgún dos puntos referentes a este asunto.

Si necesita, ou ten algunha dúbida que non sexa por preguntarnos, pode que algo nos informen que vostede descoñeza

*Actuarase dende o Concello para o tratamento das augas pluviais das residuais?

*Situación Centro Social Polivalente

-Como se vai a actuar coas 4 familias que xa se foron?

-Como e cal vai se a actuación de cara ó futuro?

-Vai reforzar o servizo para maior atención ós usuarios?

- Temos a disposición o regulamento?

*Concentración parcelaria a potenciar dende a Xunta:

- Algunha actuación por parte do Concello?

*Que labores realiza a persoa contratada a través das axudas da Deputación do Enxeñeiro Forestal ademais de medicións para corta de madeira que non esté a distancia regulamentaria?. Maior aproveitamento deste profesional.

*En que punto se atopa a compra do terreo a reitoral en Xil?

*Hai asuntos que consideramos prioritarios e algún deles xa temos feito a correspondente pregunta e seguimos a descoñecer as intencións ou actuacións desta



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Alcaldía.

- Acceso colexio Meaño?
- Mellora accesos e circulación entorno colexio e IES Dena?
- Fonte Galiñáns?
- Fonte Ganón?

Contesta a Sra. alcaldesa:

- A pista de pádel seguirá coa finalidade coa que foi concebida, como pista de pádel.
- Efectivamente houbo unha sentenza na que se declarou o despido improcedente dunha traballadora e pola que o Concello puido optar entre a readmisión ou o abomento dunha indemnización e dado que o Concello contaba coas traballadoras previstas para a prestación do servizo de que se trataba e a readmisión tiña un custo similar optouse pola indemnización, que ascendeu a 4.454,10 €.
- En canto a lexislación non cambie seguirase co mesmo modelo.
- Hai convocada a licitación para a contratación do servizo de axuda no fogar para a prestación do servizo de axuda no fogar-dependencia os sábados, domingos e festivos, para a prestación do servizo aos usuarios da lista de agarda que non poidan ser cubertos co persoal contratado polo Concello e para cubrir con carácter inmediato posibles baixas, vacacións do persoal contratado polo Concello, convocatoria a que se acudiu a vista do informe proposta e estimación das horas de prestación a realizar elaborada pola traballadora social do Concello e motivada basicamente na necesidade de ampliar a intensidade da prestación deste servizo nos termos sinalados e na complexidade pola flexibilidade e dispoñibilidade laboral que demanda polas continuas altas e baixas de usuarios. En canto a ampliación da xornada que sinala non solventaría a cobertura do servizo dado que se trata dunha prestación que hai que realizala en períodos horarios moi similares.
- Pasaráselles o xustificante do ingreso do importe da sanción.
- Obras como o pavillón de Xil hai que convocalas en procedementos abertos ao que poden acudir as empresas de Meaño, de feito hai empresas de Meaño que resultan adxudicatarias de obras.
- A Pousada abrirá para o uso que foi construída.
- No próximo orzamento preverase unha intervención nos miradores.
- Os veciños amosáronse reticentes a concentración parcelaria non obstante hai un sistema que está a desenvolver a Xunta denominado SOFOR, que desde o grupo de goberno se está a estudar para ir implantando nas zonas forestais.
- Estase a traballar na adquisición do terreo de Xil.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

Vº e Prace
A alcaldesa

Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela

